

A directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), Mar Pereira Álvarez e o presidente do Consello Consultivo de Galicia, José Luis Costa Pillado, asinaron hoxe un convenio de colaboración para facilitar a adaptación deste órgano á Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Este acordo facilitará ao Consello Consultivo o acceso ao catálogo de servizos dixitais que a AMTEGA ten a disposición doutras administracións públicas no marco do Plan de Administración e Goberno Dixital 2020. Un dos principios deste Plan é a aposta pola interoperabilidade e a reutilización das plataformas e recursos dixitais entre os diferentes niveis administrativos para simplificar o acceso á “Administración Electrónica”, tanto aos empregados públicos como aos cidadáns e empresas.

A colaboración entre a AMTEGA e o Consello Consultivo de Galicia comezará coa posta a disposición deste órgano do “Portasinaturas”, a plataforma da Xunta que permite asinar documentos de maneira electrónica, evitando desprazamentos e o uso de papel e axilizando a tramitación.

Progresivamente e en función das necesidades que se determinen , o Consello Consultivo poderá acceder a outros servizos como as “Notificacións Electrónicas”, a “Plataforma de Interoperabilidade” e o “Arquivo Electrónico”,

